



Dende o Grupo de Psicoloxía Perinatal do COPG queremos achegar o noso postulamento ante a escolla dos hospitais públicos galegos para acompañar ás mulleres no nacemento das súas crianzas. Facémolo con sumo respecto á dor das familias afectadas e ao traballo do persoal de toda a comunidade sanitaria.

Primeiro, o nacemento é un acontecemento que deixa unha profunda impronta tanto na/o bebé coma na nai. Impronta que ten un impacto a curto e longo prazo na psique de ambas partes, e dá comezo ao establecemento da vinculación que asegurará o bo coidado e establecemento dun apego seguro. Este, determinará entre outras cousas a autoestima da/o bebé, así como a calidade das relacións que teña na idade adulta. Nacemos cunha inmaduridade que precisa da presenza dun/ha coidador/a principal que cubra as nosas necesidades físicas e emocionais, e principalmente esa figura será a nai.

Segundo, a Organización Mundial da Saúde e UNICEF A IHAN (Iniciativa para a humanización da asistencia ao nacemento e á lactación) declararon que nesta situación de Pandemia de COVID-19, non hai razóns para mudar as indicacións habituais e recomendacións existentes de asistencia ao parto e ao nacemento.

Terceiro, en base á evidencia científica actual, non hai probas de que as nais transmitan o virus ás súas crianzas durante o embarazo nin o parto nin que teñan un maior risco de contraer a enfermidade. Ante isto, a indución do parto ou a cesárea non diminúen as posibilidades de contaxio. Por tanto, e de acordo coas recomendacións doutros organismos internacionais (RCOG 2020, UNICEF 2020, OMS 2020) a IHAN recomenda que nai e crianza realicen contacto pel con pel inmediato tras o parto, pinzamento tardío do cordón e promover o enganche espontáneo ao peito na primeira hora sempre que o estado clínico de nai ou crianza o permitan. Segundo a IHAN "É recomendable que a nai utilice medios de protección de contaxio por pingas: que se poña máscara e se laven as mans, tanto ao coller ao bebe como ao extraerse leite." Soamente as separacións causadas por cuestións médicas que imposibiliten o acompañamento da/o bebé polos proxenitores xustificaría o prexuízo e dano da mesma.

Cuarto. As mulleres embarazadas con sospeita, probabilidade ou infección confirmada por COVID-19, así como as mulleres que poidan precisar illamento, deben ter acceso a coidados centrados na muller, competentes e respectuosos, inclusive coidados obstétricos, medicina fetal e neonatal, así como apoio psicosocial e á saúde mental, con dispoñibilidade de proporcionar asistencia a complicacións maternas e neonatais. A OMS recolle que "todas as mulleres teñen dereito a unha experiencia segura e positiva no seu parto, teñan dado positivo ou non en COVID19". Ademais, o medo e o estrés poden paralizar o traballo de parto, ademais de actuar como factores que deriven nunha experiencia traumática do mesmo. Por isto, é vital que a muller poida ser acompañada pola persoa que decida, respectando as normas e pautas de hixiene e prevención de contaxio.

En resumo, como profesionais da Psicoloxía Perinatal, e por tanto da saúde física, mental e emocional das familias, lembramos a necesidade de que se garantan os dereitos humanos e sociais xa adquiridos das nais e bebés dentro dos Protocolos de Atención ao Parto, respectando as recomendacións avaladas cientificamente por organizacións de



ámbito nacional e internacional, e se teñan a ben os estudos xa publicados especificamente para a abordaxe do Coronavirus en persoas xestantes.

Biolóxica e emocionalmente, o máis prezado para as crianzas que acollemos unha vez nacen, é a pel da súa nai; permitámolo '.

Véxanse:

https://www.ihan.es/wp-content/uploads/IHAN-INFORMACI%C3%93N-PARA-FAMILIAS-COVID19_v2.pdf

<https://www.ihan.es/la-lactancia-materna-ante-la-pandemia-de-coronavirus-covid-19-recomendaciones/>

<http://www.e-lactancia.org/breastfeeding/maternal-coronavirus-2019-ncov-infection/product/>

[https://www.who.int/publications-detail/clinical-management-of-severe-acute-respiratory-infection-when-novel-coronavirus-\(ncov\)-infection-is-suspected](https://www.who.int/publications-detail/clinical-management-of-severe-acute-respiratory-infection-when-novel-coronavirus-(ncov)-infection-is-suspected)

<https://iboneolza.org/2020/03/15/estudios-sobre-coronavirus-en-embarazo/>